## QUEN SOMOS?

Persoas cun proxecto compartido. Unha organización sen ánimo de lucro que dende 1997 traballa, na Comarca do Sar, para mellorar a vida das persoas adultas con discapacidade intelectual e a das súas familias.

- Programa de **actividades físicas e deportivas.**
- Quedadas: **ocio na comunidade.**
- Atención e **apoio aos membros das unidades de convivencia** das persoas con discapacidade intelectual.
- Proxectos de **voluntariado, participación e sensibilización** da veciñanza.








**AMIPA APOIA DE MANEIRA INDIVIDUALIZADA** a cada persoa con discapacidade intelectual, porque cada quen ten as súas necesidades, os seus proxectos, os seus soños,... e cada persoa vive de maneira distinta a súa autonomía e o seu benestar.

**AMIPA FAVORECE A INCLUSIÓN SOCIAL E LABORAL** das persoas con discapacidade intelectual mediante procesos de formación continua que se desenvolven na propia comunidade e de maneira especial, no **CENTRO OCUPACIONAL** de **SORRIBAS**, en Rois.

Na actualidade, están en marcha os seguintes servizos, programas e actividades:

- Programas de **formación para a vida**: manexo do móbil e dos euros, cociña, informática, compra,...
- **Unidade de apoio xeneralizado**, para as persoas con discapacidade con maiores necesidades de apoio.
- **Formación ocupacional** no tratamento de accesorios de aluminio (en colaboración con empresas próximas).
- **Taller de artesanía**; elaborando candeas, xabóns, broches,...
- Formación en **agricultura ecolóxica** e venta de produtos na **praza de Abastos** de Padrón.





## QUEN COLABORA CONNOSCO?

Para desenvolver este Proxecto é imprescindible seguir contando cos Concellos de Dodro, Padrón e Rois, da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia. E tamén con financiamento privado (persoas socias e entidades colaboradoras).

## COMO FORMAR PARTE DE AMIPA?

- Participando dende o voluntariado.
- Mercando ou vendendo os nosos produtos artesanais.
- Mercando ou vendendo os produtos ecolóxicos da nosa horta.
- Contratándonos para realizar diferentes traballos.
- Dando emprego ás persoas con discapacidade intelectual.
- Compartindo a cultura da inclusión e da accesibilidade universal.
- Asociándote!.

# AMIPA

asociacionamipa@gmail.com
Tlfs: 981 817 202-669 051 747

## SOLICITUDE DE ALTA COMO SOCIO/A COLABORADOR/A

| DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| Nome e apelidos: | NIF: |
| Enderezo: | |
| Código Postal: | Localidade: |
| Provincia: | |
| Teléfono de contacto: | Correo electrónico: |

| COTA DE SOCIO/A | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Seleccione a súa cota anual: | ☐ 20€ | ☐ 40€ | ☐ 60€ | Outras: ______€ |

### COMO REALIZAR AS SÚAS APORTACIÓNS ECONÓMICAS

Segundo o recollido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do réxime fiscal de entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, todas as aportacións á Asociación AMIPA, tanto cotas de socios/as como doazóns puntuais, poden deducir, no caso de persoas físicas e empresarios individuais, no IRPF, e no caso das empresas, no Imposto de Sociedades, segundo as porcentaxes e límites que establece a Ley 49/2002 de mecenado e modificada pola Disposición Adicional quinta da Lei 27/2014 do Imposto de Sociedades.

I. **DONATIVOS:** Ingresándoos no seguinte número de conta da Asociación AMIPA:

**ES91 2080 0304 6330 0016 6284**

Deberá indicar como **concepto "Doazón"** e, para que poidamos enviarlle o correspondente certificado a efectos de desgravación fiscal, deberá engadir o seu nome, apelidos, DNI, enderezo e Código Postal.

II. **COTAS DE SOCIOS/AS:** a través do ingreso na anterior conta bancaria ou a través de domiciliación bancaria.

Deberá indicar como **concepto "Cota de socio/a colaborador/a"** e, para que poidamos enviarlle o correspondente certificado a efectos de desgravación fiscal, deberá engadir o seu nome, apelidos, DNI, enderezo e Código Postal.

| **CONTA IBAN** (24 caracteres) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

**A baixa como socio/a colaborador/a de Amipa poderase producir en calquera momento por decisión voluntaria.**

| Sinatura | |
|---|---|
| | ________, a ______ de ____________ de 201__ |

Dacordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro cuxo responsable é **ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR** con domicilio en **Centro Ocupacional Sorribas**, Sto.Tomé de Sorribas Nº 2, 15980 Rois (A Coruña). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a xestión de datos dos/as socios/as colaboradores/as da Asociación. Así mesmo, informámoslle de que, salvo que manifeste a súa oposición marcando o recadro habilitado para tales efectos, enviarémoslle información actualizada sobre eventos, actividades e outras noticias da Asociación que poidan ser do seu interese. Se o desexa, poderá revogar o seu consentimento e exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito á dirección sinalada, achegando unha fotocopia do seu DNI.

☐ Non desexo recibir información sobre a asociación.

AMIPA está inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co nº E-1031

AMIPA foi Declarada **Entidade de Utilidade Pública** (Orde do 30 de setembro de 2009. DOG nº 203)

**A**poios
co**M**unidade
**I**nclusión
**P**ersoas
**A**ccesibilidade


**Contacto:**

Santo Tomé de Sorribas, 2. 15980 Rois (A Coruña)

Tlf.: 981817202 - 669051747

asociacionamipa@gmail.com
www.asociacionamipa.es


# ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR



amipa